

INTERVENCIÓN DO FSE EN EDUCACIÓN PERÍODO 2007-2013

O FSE inviste no teu futuro

XUNTA DE GALICIA

edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

depósito legal: C XXX-2010

O FONDO SOCIAL EUROPEO

O Fondo Social Europeo é un dos fondos estruturais creados pola Unión Europea para promover o desenvolvemento harmonioso do conxunto da Comunidade e reforzar a súa cohesión económica e social.

En 1986 España incorpórase á Unión Europea. Desde entón Galicia vén sendo unha das comunidades autónomas máis receptoras das axudas do Fondo Social Europeo.

Unhas axudas cuxos beneficiarios últimos son as persoas. Emprendedores novos, persoas desempregadas, con dificultades especiais, en situación de minorías ou discriminadas foron e seguen sendo a maior preocupación do Fondo Social Europeo.

A eles é a quen van dirixidas as axudas. Porque o Fondo Social Europeo é o instrumento financeiro da Unión Europea creado para apoiar e reforzar as políticas de emprego dos Estados pertencentes á Europa comunitaria.

O FSE SEGUE INVESTINDO NO FUTURO

O FSE segue investindo no noso futuro. En 2007 abriuse un novo período de aplicación de axudas, que se desenvolverá ata 2013, cuxos eixos se articulan en cinco áreas de actuación.

1. O apoio ao espírito empresarial e a mellora da adaptabilidade dos colectivos que participan no mercado laboral, a través da formación permanente de traballadores, do estímulo á iniciativa empresarial, en especial da PEME, e do desenvolvemento de formas de organización de traballo máis produtivas e de servizos específicos do emprego e formación, incluída a recolocación de traballadores.

2. O fomento da empregabilidade, a través da modernización dos servizos de emprego e de medidas activas que favorezan o acceso a el, a recolocación e a mobilidade no traballo, así como a conciliación da vida profesional e a vida privada, atendendo especialmente á maior presenza das mulleres no emprego e ao aumento da participación da poboación traballadora migrante, de forma que se facilite a súa mobilidade xeográfica e a súa integración no mundo laboral mediante programas de formación lingüística e a validación de competencias profesionais.

3. A loita contra a exclusión social e en favor da igualdade entre homes e mulleres, mediante medidas que promovan o reingreso laboral de minorías, o apoio a quen coida de persoas dependentes, a loita contra a discriminación no lugar de traballo e a posta en marcha de campañas de sensibilización contra a discriminación.

4. **O aumento e a mellora do capital humano**, a través da reforma dos sistemas de educación, a actualización permanente do persoal docente e a creación de programas conxuntos entre centros tecnolóxicos de investigación e empresas.

5. Por último, o establecemento de redes de cooperación transnacional e interrexional, a través de pactos entre institucións, ONG e interlocutores sociais, e redes que aproximen o local o nacional e o transnacional.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en calidade de órgano xestor do FSE, puxo en marcha xa desde o ano 2007, as medidas e actuacións que se indican a continuación:

- **Recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias** adquiridas pola experiencia laboral e os procesos formativos (formais e non formais).

- **Actualización permanente** dos coñecementos dos formadores de formación profesional e de itinerarios integrados de inserción, mediante formación especializada, particularmente en novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- **Formación profesional regrada de ciclos formativos de graos medio e superior relacionados coa sociedade da información.**
- **Desenvolvemento de oferta modular de formación profesional para a adquisición de competencias básicas e as correspondentes titulacións.**
- **Programas de cualificación profesional inicial (PCPI).**
- **Medidas de orientación, reforzo e apoio** ao alumnado que teña dificultades para seguir con normalidade a educación secundaria obrigatoria.

O orzamento previsto para todo o período é de **89,1 millóns euros**, dos que 71,3 millóns corresponden á axuda do Fondo Social Europeo e 17,8 millóns ao cofinanciamento da Xunta de Galicia.

A porcentaxe de cofinanciamento das actuacións é do **80 % do FSE** e o 20 % de fondos propios.

Moitos foron os logros do Fondo Social Europeo nos últimos 20 anos. O período de axudas no que estamos é unha oportunidade para consolidalos, e tamén para axudar a superar os retos aínda pendentes da nosa economía: a redución do desemprego, o aumento da competitividade e o incremento da produtividade.

O FSE naceu para traballar polas persoas e segue mellorando hoxe as nosas vidas, o noso presente e o noso futuro.

O FSE inviste no teu futuro.



Inviste no teu futuro